

**Traslado para alegacións en relación cos recursos de reposición interpostos contra a Resolución Reitoral do 21.06.2016 pola que se convocan probas selectivas para a provisión de 45 prazas da escala administrativa vacantes no cadro de persoal funcionario da Universidade da Coruña.**

O 23.07.2019 (entrada núm. 101/2706) Dña. Beatriz Vilaverde Santamariña interpuxo un recurso de reposición contra a Resolución Reitoral do 21.06.2019, sobre a eventual infracción ao ordenamento xurídico do Anexo I no que atinxe á valoración da experiencia na fase de concurso por vulneración dos artigos 14 e 23.2 da Constitución.

O 26.07.2019 con entrada núm. 101/2837 Dña. Silvia Mosquera Domínguez, con entrada núm. 101/2838 Dña. Sandra Seijas Bermúdez interpuxeron recursos de reposición contra a Resolución Reitoral do 21.06.2019, sobre a eventual infracción ao ordenamento xurídico do Anexo I no que atinxe á valoración da experiencia na fase de concurso por vulneración dos artigos 14 e 23.2 da Constitución.

O 29.07.2019 Dña. Pilar Martínez Martínez (entrada núm. 2019103/469) o 01.08.2019, Dña. Mónica Freire Sánchez,( entrada núm.101/3467), o 02.08.2019 D. Roberto Antelo Insua (entrada núm. 101/3539) interpuxeron recursos de reposición contra a Resolución Reitoral do 21.06.2019, sobre a eventual infracción ao ordenamento xurídico do Anexo I no que atinxe á valoración da experiencia na fase de concurso por vulneración dos artigos 14 e 23.2 da Constitución.

O 30.07.2019, Dña Antía Varela Ávila (entrada núm. 101/3251), o 01.08.2019 D. Francisco José Romero Alonso (entrada núm. 101/3421), o 02.08.2019 Dña. Marina Buján Prévot, Dña. Ángela Lamuño Muñoz, Dña Lorena López López ( entrada núm. 101/3511) , interpuxeron recursos de reposición contra a Resolución Reitoral do 21.06.2019 contra a puntuación otorgada na fase de concurso no que atinxe a valoración da experiencia por no cumprir co art. 14 da Constitución e art. 49 da lei 2/2015 de 29 de abril.

O 30 de xullo de 2019 D. Roberto Barral González (entrada núm.101/3159) interpuxo recurso de reposición contra a Resolución Reitoral do 21.06.2019 sobre a eventual infracción ao ordenamento xurídico do Anexo I no que atinxe á valoración da experiencia na fase de concurso por vulneración do dereito de acceso en condicións de igualdade al no valorar experiencia en subgrupos superiores (A1 e A2).

En cumprimento do disposto no artigo 118.2 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, reguladora do Procedemento administrativo común das administracións públicas, os ditos recursos poñénselles de manifesto aos interesados aos que se lles concede un prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, para que poidan acceder aos recursos de reposición antes citados e formular as alegacións que estimen procedentes. Para o efecto poderán acudir ás dependencias do Servizo de PAS en horario de 09.00h a 14:00h.